

A Fontaneira – Baleira, 1978

**Informante:** Florencio López Fernández, “o cego dos Vilares”

**Compilador:** César Álvarez

**Colección** de Xosé Luís Rivas e Baldomero Iglesias

**Transcripción:** Sergio de la Ossa, rev. B. Iglesias



1. I-o meu fouciño non curta  
i-o meu fouciño non palla  
fáltalle o sobremango  
i-o sobremango lle falta.
2. Nenas que ides co ganado  
levaim'a miña Marela  
queda na corte berrando  
por unha gabela de herba.
3. I a miña muller morreume  
e enterreina no palleiro  
e deixeille un brazo fóra  
pra que tocasse o pandeiro.